

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Xoves 8

11.30 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do voceiro do Grupo municipal Popular, Ricardo García Borregón, para analizar asuntos da actualidade municipal na súa primeira comparecencia coma voceiro.

11.50 h.

Na sala de comisións do Parlamento, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, comparecerá fronte a Comisión de estudo da Reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia.

12.00 h.

No Politécnico de Conxo, o concelleiro de Promoción Económica e Emprego, Xosé Manuel Iglesias, presentará aos alumnos deste instituto, xunto aos do Eduardo Pondal e do Rosalía de Castro, os resultados do Estudo sobre inserción laboral dos titulados en FP nos centros públicos do Concello de Santiago.

21.00 h.

Na Galería A Chocolatería, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, participa na inauguración da exposición "Eclipse" de El Roto que organiza a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta e a Sociedade Galega do Medio Ambiente. A mostra enmárcase dentro dos actos programados con motivo do encontro en Galicia de autoridades ambientais da UE.

V Semana Cultural do Centro Sociocultural das Fontiñas

Semana de animación científica Neurociencia e Cultura

Achegamento do mundo científico Á NOSA MOCIDADE

10.00 h.

- Visita guiada á exposición multimedia sobre neurociencia a cargo da Dra. Mónica González, bióloga e responsable de promoción e cultura científica. Delegación do CSIC en Galicia. Charla-coloquio.

11.00 a 12.00 h

- Utilización da aula de informática como complemento didáctico da exposición. Charla/coloquio.

Achegamento do mundo científico AOS NOSOS MAIORES

20.00 a 21.00 h

- Xogos interactivos por ordenador: "Xoga coa memoria".

Achegamento do mundo científico AOS NOSOS NENOS E NENAS Menores e maiores de 7 anos en grupos diferenciados.

17.00 h en diante

- Xogos de desenvolvemento da intelixencia na ludoteca.

17.00 a 18.00 h

- Xogos interactivos e científicos na aula de informática.

18.30 a 20.00 h

- Obradoiro para crear unha rede neuronal (escultura).

ADEMAIS

17.00 h en diante

- Xogos de mesa para maiores. V Campionato de xogos de mesa do CSC das Fontiñas.

19.00 h

- Teatro. Compañía do Noroeste coa obra: "A tixola polo mago".

19.30 h

- Xogos informáticos abertos.

21.00 h

- Exhibición de KARATE. Club Deportivo Fontiñas.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2006